




Concello da Coruña

Area / Unidade RR.HH PE0000 MALB	Documento 1081AI04HD	
Código de verificación  0726 4D0X 272L 624N 0IUO	Expediente 108/2023/421	
	Data 23-04-2026	

ANUNCIO

LISTAXE DE AGARDA PROVISIONAL DE SOCORRISTA (Agrupacións profesionais) C.E. 13/22

Por Resolución do 23/02/2023 (BOP núm. 41 do 01/03/2023) do Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior, convocouse un proceso selectivo para a cobertura, como persoal funcionario de carreira, pola quenda libre, dúas prazas de socorrista, da escala de Administración especial (agrupacións profesionais).

Rematado o dito proceso selectivo, de conformidade coa Instrución 4/2017 sobre o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento de persoal interino do Concello da Coruña, efectuarase unha listaxe de agarda coas persoas aspirantes que superando algún dos exercicios do proceso selectivo non obtivesen praza, a efectos do seu posible nomeamento como persoal funcionario interino, nas prazas de axudante de cemiterios, nos distintos supostos establecidos no artigo 10 do real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A orde de prelación das persoas aspirantes que superaron algún dos exercicios da fase de oposición, de conformidade coa suma da fase de oposición e concurso é a seguinte:

Orde	Apelidos e nome	DNI	Notas 1º exercicio	Notas 2º exercicio	Notas 3º exercicio	Puntuac. Total
1	BORRAZAS RUMBO, MANUEL	***6914**	31,75	47,00	Exento	78,75
2	DORADO GARCIA, LAURA	***3720**	27,25	50,00	Exento	77,25
3	GALLEGO FERNANDEZ, RUBEN	***8217**	32,50	38,00	Exento	70,50

Segundo o artigo 2.3 da Instrución 4/2017 sobre o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento de persoal interino do Concello da Coruña, a persoa incluída nesta listaxe provisional de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de socorrista, da escala de Administración especial (agrupacións profesionais), disporán dun prazo de 10 días hábiles para formular



Concello da Coruña

alegacións e presentar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria.

Esta documentación presentaranse preferentemente por vía electrónica a través de rexistro electrónico dirixida ao Servizo de Recursos Humanos do Concello da Coruña. Poderá tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

O xefa de Servizo de RR.HH.

Ana Carricoba Engroba